



COSTA DE XOVE

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2019



Distancia: 30 km
Dificultade: media



O Concello de Xove está situado na Mariña de Lugo, no tramo costeiro coñecido como Arco Cantábrico, chamado tamén Rías Altas, costa orientada ao norte, á beira do mar Cantábrico.

O litoral de Xove esténdese entre as rías do Lieiro e de Viveiro das que tamén ocupa parte das bocas (na de Lieiro desde a praia de Paraños á punta de Morás e na de Viveiro desde a punta de Portonovo á punta Mansa) en total uns 25 km de cantís, os da parte exterior por enriba dos 50 m de altura en moitos puntos, moi recortados dos que sobresaen as puntas de Morás, Merixe, Roncadoira e Mansa, a illa de Ansarón e a saída ao mar do rego de Esparaños en Portocelo, entre eles fórmanse seos que acollen coídos e areasis.

As principais actividades son a gandaría (vacún), a silvicultura, a industria (factoría Alúmina-Aluminio) e a pesca.

Unha pequena parte do litoral está protexida no LIC e ZEPA "Costa da Mariña Occidental": desde Os Cangrexeiros ata o linde do concello con Viveiro (agás a enseada da Regodela) e áreas mariñas limítrofes.



Illa de Ansarón e As Insuelas



Primula veris subsp. *veris*. En Galiza só se atopa no norte das provincias da Coruña e Lugo.

LIC e ZEPA: COSTA DA MARIÑA OCCIDENTAL
Inclúe as illas Farallóns de Cervo e a costa desde a Enseada, en Morás, ata a frecha do río Sor, na ría do Barqueiro e os illotes fronte a ela. Exclúe os espazos urbanos. A ZEPA inclúe áreas mariñas próximas. O espazo ten un grande interese xeolóxico, paisaxístico e ecolóxico. Podense atopar ecosistemas mariños areosos e rochosos, cantís, dunas e esteiros cunha grande diversidade de flora e fauna. Os illotes acollen importantes colonias de aves nidificantes, ás que hai que engadir un gran número de aves mariñas nas épocas de paso (carráns, mascatos, corvos mariños...)

PERCORRIDO A PÉ

Un litoral que se pode percorrer a pé seguindo o roteiro dos Camiños do Cantábrico por trazados non moi lonxe da beira e varios desvíos. O traxecto non é cousa dunha soa xornada porque son máis de 30 km con tramos de forte pendente e numerosos desvíos que o fan máis longo do que xa o é na realidade.

Comezamos na **praia de Lago** desde onde podemos achegarnos, se a marea está baixa, á **praia de Paraños**, que non ten acceso por terra por cousa do peche da factoría da alumina, e desde alí volver pola beira ata o remate da praia de Lago; logo seguimos pola pista de terra ata onde se xunta á estrada para desviarnos, á dereita, a **punta e a praia da Cova** e volver á **punta das Cruces** desde onde temos panorámica de **Morás**, a praia e o porto. Volvendo á estrada e seguindo por ela pasamos á beira da praia para continuar cara á **punta de Morás** e, polo Camiño do Cantábrico, ir gañando altura ata o **miradoiro da Atalaia** e o **alto do Cabalo**, e desde alí baixar para achegarse ao pé da **illa Ansarón** e a súa contorna. Desde a illa de Ansarón comezamos unha nova subida que acada o punto máis alto no **coto da Vela** para baixar logo á **punta de Merixe** pasando por enriba da **enseada** e a **praia de Sucastro**. De punta Merixe camiñamos un pouco cara ao interior para volver ao Camiño Natural desde onde imos vendo a **enseada** e a **pequena ría de Portocelo**, que rodeamos, e facemos un pequeno desvío para achegarnos ao seu porto. Desde aí podemos volver á estrada ou avanzar campo a través por unhas leiras abandonadas para incorporarnos máis adiante e continuar camiño ata os restos da **ermida de San Tirso**. Pasada a ermida volvemos deixar a estrada para comezar outra subida pola aba, ou por un carreiro polo cume, do **monte Castelo** para achegarnos á **punta Roncadoira**, o punto máis saínte da costa de Xove. Da punta Roncadoira volvemos atrás para reincorporarnos ao roteiro dos Camiños do Cantábrico, porque os toxos non permiten andar por outro sitio, logo atopamos un desvío á dereita, un camiño pouco transitado, que permite achegarse á **punta de Montecelos**, e o ramal da esquerda baixar ata o camiño que se achega ao pé dos **pelourais do Coído**. Por enriba dos pelourais un carreiro sube case dereito ao **Penouzo** e segue pola beira ata a **punta Langosteira** e de alí á **punta Mansa**, con un desvío intermedio, imprescindible, ás puntas dos **Netos** e de **Fontás**. Da punta Mansa continuamos pola pista, ata entrarmos de novo no roteiro, para ir ata a **punta Meitón**. Ao pouco de deixar a punta Meitón temos un desvío á dereita que baixa, preto da beira, á **praia de Muiñelos** e, por Ceranzos, á **praia do Esteiro**. Da praia de Esteiro seguimos pola estrada ata atopar o desvío á dereita, á **praia de Portonovo**, xa en Viveiro, que se atopa ao abrigo da **insuela de Portonovo** que é linde dos concellos.



Praia de Paraños e punta Corveiro.
Detrás atópase a factoría de Alúmina- aluminio.



Praia dos Carabullos



Praia de Castralto



Río de Lago. Illa de Montecelos.



Esteiro e prais do río do Lago



Praia de Lago



Praia de Lago



Monte Areouriña



Praia da Cova



Punta Galiño. Praia da Airas.



O río Rigueira nace nos montes de Buio e ten todo o seu percorrido polo concello de Xove. Desemboca na enseada da Cova, en Morás.



Rampa da antiga factoría baleeira



Praia de Porto de Morás.



Peirao de Morás e A Gorsela



Punta da Cabria



Praia da Baleeira



A Cagada



Punta de Morás



Punta de Morás



As Covas



Os Cangrexeiros



Miradoiro da Atalaia



Alto do Cabalo. Punta de Seños



Vista desde o Miradoiro da Atalaia cara á punta de Moras



As Insuelas. Ansarón.



Agulla rochosa nas proximidades da illa de Ansarón




Illa Ansarón



As Malfareixas



As Malfareixas



A Pedrola



Cova dos Cas. Punta Argonte



Praia de Sucastro e Coto da Vela, con cantís deta 160 m de altura. Nel houbo un castro do 1.200 a.C.



Cantís de Sucastro




As Abelleiras



Punta Merixe



Punta Merixe



Ribeira Branca. As Meás



Porto e praias de Portocelo



Enseada de Portocelo ata a punta Ansarón



Salto do Can



O Madeiro



Punta de Mexiluíde




Restos da ermida de San Tirso



Punta do Añó e insua da Cal



Ínsua, enseada e peloural da Cal



Punta Roncadoira



Faro e cantís da Punta Roncadoira e monte do Castelo.



Vista desde a Punta Roncadoira cara ao Oeste



Puntas Montecelos e Suleito



Enseada e pelourais do Coido desde o Penouzo




O Penouzo



A Fonte desde O Penouzo



Punta Robaleira



Punta e insuas dos Netos



Punta dos Netos



Punta de Fontás



Peloural de Fontás



Punta Antemil



Vista desde a punta Mansa ata os Netos



Punta Mansa





Puntas Mansa e dos netos



Peloural da Mansa



Enseada da Regodela e punta Mansa



Punta Meitón



Punta Meitón




Ribeira Caída






Praia e enseada de Muíños



Punta das Torres



Punta das Torres e de Canido



As penas Mouras



Praia e enseada de Esteiro



Enseada de Esteiro e punta das Torres desde o Monte Faro



Enseada e praia do Esteiro



Praia de Esteiro



Puntas de Pardiñas e Robaleira



Coído e Insuela de Portonovo